

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO

Orde do 6 de maio de 2026 pola que se convoca a primeira edición do 2026 do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio (código de procedemento CO301B)

TEXTO

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior.

Neste marco de referencia, o 31 de marzo de 2025 apróbase polo Consello da Xunta o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 coa finalidade de incrementar a competitividade do comercio galego apoiándose na modernización, a innovación, a sostibilidade e as novas tecnoloxías, así como consolidar o sector comercial como un sector profesional, cualificado, de calidade e fortalecido que promova o consumo responsable e desenvolva unha actividade sostible.

Para a consecución desta finalidade, o plan estrutúrase en torno a tres eixes de actuación prioritarios. Dentro do Eixe 2 "Dinamización e visibilidade do comercio" contémplase a medida 2.2 "Dinamizar e incentivar o consumo no comercio local" e, dentro desta, a acción 2.2.1. "Realizar campañas para incentivar o consumo no comercio local. Bono Activa Comercio".

Dada a repercusión positiva que tiveron as anteriores edicións do programa bonos Activa comercio na reactivación das vendas no comercio de proximidade galego, facendo posible que numerosas persoas puideran beneficiarse destas axudas, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vai proceder á convocatoria da primeira edición do programa no 2026.

A finalidade desta edición é continuar estimulando a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do comercio retalista, promovendo as compras de bens en comercios, obxectivos estes que tamén terán un impacto positivo na economía das persoas consumidoras ao poder beneficiarse de descontos nas compras que realicen no seu comercio de proximidade.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto convocar a primeira edición do 2026 do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio (código de procedemento CO301B).

Artigo 2. *Bases reguladoras*

A xestión dos bonos Activa comercio axustarase ao previsto nas bases reguladoras aprobadas pola Orde do 12 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión no ano 2026 das axudas, en réxime de concorrència non competitiva, do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, e se procede á apertura do prazo para a adhesión dos comercios (código de procedemento CO301B) (DOG núm. 57 do 26.03.2026).

Artigo 3. *Orzamento*

1. Para a concesión destas axudas destinaranse 2.501.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 de acordo coa seguinte distribución:

Actuación	Importe
Programa bonos Activa comercio	2.500.000,00 €
Sorteo bonos Activa comercio	1.000,00 €

2. O orzamento poderase incrementar en función da evolución do programa bonos Activa comercio co obxecto de aumentar o número de persoas beneficiarias e de acordo coa dispoñibilidade de crédito cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 4. Entidade colaboradora

A entrega e a distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada ao abeiro da Orde do 8 de xaneiro de 2026 pola que se convoca o procedemento de concorrência para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio (código de procedemento CO301A) (DOG núm. 13, do 21.01.2026).

Artigo 5. Actividade subvencionable

Por medio desta orde subvencionarase a compra de bens, a través dos bonos Activa comercio, nos establecementos comerciais retalistas de Galicia adheridos ao programa, así como a prestación dos correspondentes servizos no caso das epígrafes do IAE 972.1 e 972.2, nos termos establecidos no artigo 5 das bases reguladoras.

Artigo 6. Procedemento de concesión

O procedemento para a concesión das axudas reguladas nesta orde é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrência non competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde das solicitudes ata o esgotamento do crédito previsto no artigo 3 destas bases reguladoras.

Artigo 7. Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que realicen as actuacións establecidas no artigo 5 desta orde. Para ser beneficiarias terán que tramitar as súas solicitudes conforme ao disposto no artigo seguinte.

Artigo 8. Presentación da solicitude dos bonos

1. Para a solicitude e a obtención dos bonos, cada persoa usuaria deberá darse de alta na web www.bonosactivacomercio.gal indicando a seguinte información:
 - a. Nome e apelidos.

- b. Maioría de idade.
 - c. DNI ou NIE.
 - d. Localidade de residencia (código postal).
 - e. Número de teléfono móbil.
 - f. Correo electrónico.
2. O uso da páxina web e a descarga dos bonos polas persoas usuarias suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.
3. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.
4. Así mesmo, as persoas usuarias deberán declarar responsablemente que están ao día do cumprimento das obrigas coa Facenda Pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.
5. Opcionalmente, os bonos poderán solicitarse presencialmente na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e nos departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As persoas interesadas, ou os/as seus/súas representantes, poderán autorizar expresamente aos/ás empregados/as para a solicitude e a obtención dos bonos en formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración responsable en comparecencia persoal da persoa interesada ante o/a funcionario/a da Administración.

Artigo 9. Sistema de funcionamento dos bonos

1. A descarga dos bonos polas persoas usuarias realizarase na web www.bonosactivacomercio.gal. Os bonos terán formato dixital a través dun código QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha APP que permita realizar pagamentos (Wallet ou similar).
2. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas usuarias, os/as comerciantes terán que descargar no seu móbil a APP bonos Activa comercio.

3. No momento da compravenda, os/as comerciantes terán que introducir na APP o importe e o concepto da venda, aparecendo automaticamente o importe a cobrar (unha vez aplicado o desconto). O concepto da venda introducido na APP debe corresponderse coa numeración do ticket ou factura de compra entregada á clientela.

Pola súa banda, as persoas usuarias deberán mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada.

4. Os bonos descargados poderanse utilizar ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance os 2.500.000,00 €.

Artigo 10. Condicións de uso dos bonos

1. Cada persoa beneficiaria disporá dun único bono que poderá ser usado nun ou varios dos comercios retalistas adheridos ao programa.
2. Cada bono terá un valor de ata 30 €. En función do importe das compras, poderán obterse os seguintes descontos:
 - Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
 - Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
 - Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

3. A validez dos bonos estenderase ata a finalización do período previsto no artigo seguinte, salvo previo esgotamento do seu saldo, ou ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance os 2.500.000,00 €.
4. A través da plataforma tecnolóxica do programa, os/as comerciantes terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das súas vendas, os bonos xa trocados, os abonos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.
5. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. O/a comerciante non poderá abonar á persoa consumidora, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.
6. Non será aplicable o troco dos bonos para as compras en liña.

Artigo 11. Data de descarga dos bonos

Os bonos estarán dispoñibles na web www.bonosactivacomercio.gal para a súa descarga polas persoas usuarias dende o de 2026, ás 9:00 horas, ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance os 2.500.000,00 €.

Mediante orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderase modificar a antedita data se razóns organizativas ou de outra índole así o aconsellaran, dándose a oportuna publicidade.

Artigo 12. Órganos competentes para a instrución e resolución

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención.

Corresponderalle á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditar a resolución correspondente, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

Artigo 13. Instrución e resolución de concesión

Co troco dos bonos na forma establecida no artigo 9 desta orde, as axudas entenderanse concedidas ás persoas beneficiarias.

A resolución de concesión das axudas publicarase na páxina web oficial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con indicación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

Artigo 14. Xustificación e inspección

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, como responsable do programa bonos Activa comercio, resérvase o dereito de realizar durante o período de vixencia dos bonos e a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control estime oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá cancelar a adhesión dos mesmos ao programa bonos Activa comercio. Neste caso comunicará a dita circunstancia á entidade colaboradora a fin de impedir o troco de bonos e paralizar o proceso do seu pagamento ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os comercios retalistas adheridos ao programa bonos Activa comercio están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas concedidas.

Alén do anterior, estas axudas están sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos establecidos no título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 15. Información

As persoas interesadas poderán obter información adicional a través da web www.bonosactivacomercio.gal.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento poderán facer uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (dende o resto do Estado: 902 12 00 12).

Artigo 16. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 17. Sorteo bonos Activa comercio

1. Organizador

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, con domicilio no edificio administrativo de San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.

2. Obxecto

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo ten previsto organizar un sorteo denominado "Sorteo bonos Activa Comercio 2026" coa finalidade de dar unha maior visibilidade ás compras realizadas no comercio local de proximidade, incentivando a demanda comercial e a fidelización da clientela.

3. Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico do sorteo comprende a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Período promocional

O período de vixencia do sorteo comezará o día indicado no artigo 11 desta orde e finalizará no momento en que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas cos bonos Activa comercio alcance os 2.500.000,00 €.

5. Data do sorteo

A data do sorteo anunciarase nas redes sociais (Facebook e Instagram) da Dirección Xeral de Comercio e Consumo unha vez que se produza o esgotamento do orzamento do programa.

6. Premios

Os premios consistirán en 4 bonos por valor de 250 € cada un, destinándose 2 bonos ás persoas que participen no sorteo en Facebook e 2 bonos ás persoas que participen en Instagram.

Os bonos terán formato dixital a través dun código QR e deberán utilizarse nun ou varios dos comercios retallistas adheridos ao programa bonos Activa comercio. Os bonos poderán usarse en unha ou varias compras ata o esgotamento do seu saldo con independencia do importe da compra, non sendo de aplicación os límites establecidos no artigo 10.2 desta orde.

O período de validez dos premios será dunha semana.

Os premios non son transferibles nin susceptibles de cambios, alteracións ou compensacións e non poderán trocarse por cartos en efectivo, tarxetas regalo, vales, bonos ou similares.

7. Participación

Poderán participar neste sorteo as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos indicados no punto 8 deste artigo.

Non poderán participar no sorteo as persoas que teñan intervido na súa organización.

Se resulta gañadora algunha persoa excluída da participación, perderá o seu dereito a obter o premio que pasará á primeira persoa suplente na lista seguindo a orde establecida no sorteo.

Se esta tamén resulta excluída, pasarase á persoa seguinte e así sucesivamente.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo comprobará que as persoas gañadoras cumpren cos requisitos esixidos neste artigo. Se ningunha das persoas gañadoras e suplentes cumpre cos ditos requisitos, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá realizar un novo sorteo ou declarar os premios desertos.

A participación neste sorteo implica a aceptación polas persoas participantes de todas as condicións establecidas neste artigo.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo resérvase o dereito de eliminar a calquera persoa participante que defraude, altere ou impida o bo funcionamento e o transcurso normal deste sorteo.

8. Mecánica do sorteo

Os requisitos para poder participar neste sorteo son os seguintes:

- Ser usuario/a dos bonos Activa Comercio de conformidade co establecido no artigo 8 desta orde.
- Ter feito unha compra co bono Activa comercio nun establecemento comercial retallista adherido ao programa de acordo do disposto no artigo 5 desta orde.
- Darlle un “gústame” á publicación correspondente a este sorteo nas redes sociais da Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Realizarase unha publicación en Facebook e outra en Instagram.
- Comentar a publicación deste sorteo en Facebook e/ou Instagram. No comentario deberase incluír a seguinte información:
 - O cancelo #ComercioGalego.

- O nome do establecemento comercial no se que fixo a compra e a localidade.
- A conta de Facebook ou Instagram dunha persoa que a persoa participante considere que pode estar interesada neste sorteo. Non poderán mencionarse contas falsas nin contas profesionais ou de personaxes públicas.

Haberá un sorteo en Facebook e outro en Instagram.

Unha mesma persoa pode participar no sorteo tanto en Facebook como en Instagram, pero só pode resultar gañadora dun premio. Por ese motivo, se a persoa gañadora é a mesma nas dúas redes, manterá a súa condición de gañadora en Facebook, pero perderá a súa condición de gañadora en Instagram, considerándose gañadora en Instagram a persoa suplente correspondente ao sorteo realizado nesta rede.

9. Regras de conduta

Neste sorteo rexeitaranse os contidos que poidan considerarse ofensivos, obscenos, inapropiados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten contra a dignidade e o decoro e os que poidan ferir sensibilidades; os que sexan contrarios á lei, á moral ou á orde pública; os que sexan contrarios aos dereitos de terceiros, sen o seu consentimento; os que sexan contrarios á honra e/ou á imaxe de persoas físicas ou xurídicas; os que faciliten información de carácter persoal, propia ou de terceiros, e os que impliquen realizar unha actividade comercial, así como a súa publicidade, que non teña relación con este sorteo. Estes contidos quedarán automaticamente descualificados e non se terán en conta para a participación neste sorteo.

Non se aceptará a participación de contas duplicadas ou falsas nin a utilización de contas non lexítimas creadas para a promoción en Facebook ou Instagram. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo resérvase o dereito de descartar a participación neste sorteo de aqueles perfís que se consideren fraudulentos. Considerarase a unha persoa usuaria como maliciosa cando se faga patente que está levando a cabo as actividades relacionadas con este sorteo dun modo antinatural ou artificial mediante, por exemplo, o uso de bots ou sistemas automáticos que posteen en Facebook ou Instagram sen control expreso da persoa usuaria.

Así mesmo, queda prohibido:

- Engadir comentarios ou etiquetas promocionais na conta de Facebook ou Instagram da Dirección Xeral de Comercio e Consumo que non teñan relación co obxecto deste sorteo.
- Postear comentarios descualificativos sobre os comentarios doutras persoas participantes.
- Postear comentarios irrelevantes ou que poidan ser considerados spam.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo resérvase o dereito de decidir se os comentarios das persoas participantes cumpren os requisitos de contido estipulados neste artigo e poderá eliminar os comentarios e/ou cancelar a participación no sorteo de calquera persoa usuaria en calquera momento, sen previo aviso nin dereito a indemnización ningunha en caso de incumprimento.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo non realizará ningunha labor editorial sobre os contidos xerados polas persoas participantes neste sorteo e non asumirá ningún tipo de responsabilidade relacionada cos mesmos.

10. Sorteo

O sorteo realizarase a través dunha plataforma como APP Sorteos (<https://app-sorteos.com/es>), EasyPromos (<https://www.easypromosapp.com/es/>) ou similar.

11. Comunicación das persoas gañadoras

A comunicación das persoas gañadoras realizarase a través das redes sociais (Facebook e Instagram) da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

As persoas gañadoras terán un prazo máximo de 24 horas para contactar de xeito privado coa Dirección Xeral de Comercio e Consumo a través de Facebook (as persoas gañadoras en Facebook) e a través de Instagram (as persoas gañadoras en Instagram) para indicar se aceptan ou non o premio e deberán comunicar os datos persoais que sexan necesarios para verificar o cumprimento dos requisitos de participación establecidos neste artigo e proceder á entrega do premio.

Pasado o antedito prazo, as persoas gañadoras non poderán reclamar o premio e, neste caso, considerarase como gañadora á persoa suplente que corresponda, repetíndose este proceso, se é necesario, ata esgotar as persoas suplentes, sen prexuízo do dereito da Dirección Xeral de Comercio e Consumo de declarar nesta situación deserto o sorteo. Do mesmo xeito se procederá se algunha persoa gañadora rexeita o premio.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo non se fai responsable de non poder contactar coas persoas gañadoras e, por conseguinte, de que non se lles poidan outorgar os premios.

As persoas gañadoras consenten expresamente que a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poida utilizar o seu nome e apelidos e/ou o seu nome de usuario en Facebook e/ou Instagram en calquera actividade publicitaria ou promocional relacionada con este sorteo en calquera medio, sen que as ditas actividades lles confiran ningún dereito de remuneración ou beneficio, exceptuando a entrega dos premios gañados de conformidade co disposto nestas bases.

12. Condicións e incidencias

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo resérvase o dereito de modificar, cancelar e/ou suspender este sorteo se concorren circunstancias excepcionais que así o aconsellan, comunicando nas redes sociais (Facebook e Instagram) as devanditas circunstancias de xeito que se evite calquera prexuízo para as persoas participantes.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo non responderá dos casos de forza maior que poidan impedir ás persoas gañadoras desfrutar dos seus premios. Así mesmo, queda exonerada de toda responsabilidade polos danos e prexuízos que poidan derivarse do funcionamento das súas contas de Facebook e Instagram, dos erros cuxa responsabilidade sexa das persoas participantes neste sorteo, dos erros de seguridade que se poidan producir e dos danos que se

poidan causar ao sistema informático das persoas participantes ou de terceiros ou aos ficheiros ou documentos que se almacenen como consecuencia dun virus no terminal das persoas participantes durante o seu acceso á participación neste sorteo.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación, fraude ou falsificación deste sorteo.

13. Consulta das bases

As bases de participación neste sorteo publicaranse no Portal do Comercio Galego (<https://comercio.xunta.gal>) e nas redes sociais (Facebook e Instagram) da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

14. Fiscalidade dos premios

Os premios obtidos en virtude deste sorteo están suxeitos aos impostos e retencións establecidas segundo a normativa vixente. As persoas gañadoras están obrigadas ao cumprimento das súas obrigas fiscais, resultando a Dirección Xeral de Comercio e Consumo allea a esta responsabilidade.

15. Desvinculación con Facebook ou Instagram

Nin Facebook nin Instagram patrocinan, avalan ou administran de ningún modo este sorteo, nin están asociados a el. As persoas participantes desvincúlanse totalmente de Facebook e Instagram, sendo conscientes de que están proporcionando a súa información á Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

16. Protección de datos

As persoas participantes autorizan o tratamento dos seus datos persoais de conformidade coa lexislación vixente coa finalidade de levar a cabo o sorteo regulado neste artigo, ostentando a Xunta de Galicia, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a condición de responsable do tratamento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos en base á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e ao Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

As persoas interesadas poderán consultar máis información e contactar co Delegado de Protección de Datos (DPD) na páxina <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

17. Xurisdicción competente

Para o coñecemento de calquera litixio que puidera prantexarse en canto á interpretación ou aplicación das bases deste sorteo, tanto a Dirección Xeral de Comercio e Consumo como as persoas participantes sométense expresamente á xurisdicción e competencia dos xulgados e tribunais da Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro que lles puidera corresponder.

Disposición adicional primeira. Base de datos nacional de subvencións

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta.

Disposición adicional segunda Delegación de competencias

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na persoa titular da Dirección Xeral de Comercio, para resolver a concesión ou denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos perda de dereito ao cobro e de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas ou entidades beneficiarias, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2026

José González Vázquez

Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

INSÍRASE

Joaquín Macho Canales

Secretario xeral técnico